# ENCONTROS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DENDE OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN E OS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS

*Centro de Educación Especial ASPACE Coruña*
*Óscar Ameneiros – Orientador*
*Ángela Rouco – Directora*
*Sonia Ruiz – Directora Xerente*

# QUÉ É A PARÁLISE CEREBRAL?

Un trastorno global da persoa que consiste nun trastorno permanente e non inmutable do ton, da postura e do movemento, debido a unha lesión non progresiva no cerebro antes do seu desenvolvemento e crecemento.

Esta lesión pode xerar a alteración doutras funcións maiores e interfire co desenvolvemento do sistema nervioso central.

É unha LESIÓN NEUROLÓXICA.

# OS RASGOS DA PARÁLISE CEREBRAL SON:

- Pódese producir dende a xestación ata os 6 anos

(según autores)

- Prodúcese por unha lesión no cerebro

- Esta lesión é irreversible (non ten cura) e non evoluciona

- Os trastornos resultantes son variados. O máis frecuente afecta a postura, o ton muscular e o movemento

# QUEN TEN PARÁLISE CEREBRAL?

- A parálise cerebral convertiuse na causa máis frecuente de discapacidade física
- Afecta a nenos e nenas de calquera raza e condición social
- En España hai 120.000 persoas con parálise cerebral e en Galicia en torno a 5.000 persoas

# CALES SON AS CAUSAS DA PARÁLISE CEREBRAL?

As lesións que causan parálise cerebral ocorren durante o embarazo, o parto ou durante os primeiros anos de vida.

- **Durante o embarazo**: infeccións intrauterinas (especialmente virais), intoxicacións (substancias tóxicas, drogas), exposición á radiación…
- **No parto**: falta de osíxeno, prematuridade, trauma durante o parto e despegamento placentario antes de tempo
- **Despois do parto**: incompatibilidade de sangue, virus que afectan o cerebro e meninxite, lesións.

# DIFICULTADES ASOCIADAS A PARÁLISE CEREBRAL

Poden aparecer alteracións sensoriais, de comportamento, de personalidade, cognitivas, comunicativas ou de saúde

Non todas as persoas con parálise cerebral teñen **discapacidade intelectual**

- Problemas visuais
- Problemas auditivos
- Problemas na fala
- Dificultades de aprendizaxe
- Percepción espacial
- Trastornos do sono
- Epilepsia
- Alteracións da conducta
- Infeccións respiratorias

# ASPACE CORUÑA

Fundada no ano 1977 por un grupo de pais e nais de persoas con parálise cerebral, é a única asociación que atende a este colectivo na Coruña e provincia.

A nosa misión é mellorar a calidade de vida das persoas con parálise cerebral e discapacidades psicofísicas e das súas familias, poñendo a súa disposición os recursos necesarios para promover o seu desenvolvemento persoal e a igualdade de oportunidades.



# USUARIOS/ALUMNOS

A nosa asociación presta servizos e tratamentos a persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns.

Na actualidade son 110 persoas de todas as idades.





# CENTROS







**Centro educativo**

Dende os 3 aos 21 anos

Promovendo a educación inclusiva

**Centro de día**

Dende os 21 anos

Promovendo a integración social e a autonomía

**Centro residencial**

Un fogar diferente

Mantendo a vinculación coa familia



## Pedagoxía

Promovendo os aprendizaxes e a transición á vida adulta



## Fisioterapia

Tratamentos para manter e intentar mellorar a postura e o movemento



## Logopedia

Alimentación, linguaxe e sistemas alternativos de comunicación

*Encontros de atención á diversidade*









**Hidroterapia**

Tratamento e disfrute na auga

**Terapia Ocupacional**

Estimulación e apoios para a autonomía

**Orientación Psicoloxía**

Apoiando a labor do centro e ao conxunto do profesorado. Benestar emocional

**Traballo Social**

Información e asesoramento a familias sobre recursos, servicios, prestacións…

# CENTRO EDUCATIVO

A misión do centro educativo vai encamiñada a "favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe, tendo en conta as necesidades de cada neno ou nena, nun clima afectivo que lle ofreza seguridade e estimule o descubrimento de si mesmo e do seu entorno".



O Centro de Educación Especial ASPACE Coruña conta con seis unidades concertadas coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ás cales acoden nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e 21 anos distribuídos segundo criterios cronolóxicos e capacidades cognitivas.

Ratio por aula: 4/6 alumnos/as.





Estamos nunha escola onde se escolariza únicamente a alumnado con necesidades educativas especiais.
Estes alumnos requiren modificacións significativas no seu currículo (ACI), nunha parte ou en todas as áreas ou materias, e para iso requírese o uso de recursos moi específicos ou excepcionais, necesidades que non se poden cumprir nin proporcionar nos centros educativos ordinarios.





O centro permanece aberto de luns a venres de 10 a 17.30 horas e respectando o calendario escolar da comunidade autónoma.

A actividade docente corresponde ao curso escolar, aínda que o colexio permanece aberto para as familias todo o ano excepto o mes de agosto.






# ETAPAS EDUCATIVAS

- **Educación infantil**: de 3 a 6 anos
- **Educación primaria**: de 6 a 12 anos
- **ESO**: de 12 a 16 anos
- **Transición á vida adulta**: 16 -21 anos





Encontros de atención á diversidade

# COMEDOR





ASPACE CORUÑA



# TRANSPORTE






# SAÍDAS AO ENTORNO







# SALA DE ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL





# RECURSOS TÉCNICOS PARA A APRENDIZAXE

**Entradas de información:**





- Teclados e carcasas
- Punteiros e licornios
- Atriles
- Tapetes antideslizantes
- Alternativa ao rato tradicional: trackball, multimouse…
- Pantallas táctiles
- Pulsadores de presión, contacto, soplido, deslizamento, son…





**Saídas de información:**

- Proxectores e pantallas de gran tamaño
- Impresoras
- Software que convirte texto en audio con saída de voz



# PRODUCTOS DE APOIO PARA A COMUNICACIÓN

Dispositivos electrónicos e non electrónicos ou materiais utilizados para a presentación e selección dos Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación (SAAC).

Estes productos son axudas pensadas e diseñadas para que as persoas podan manter unha conversación e exercer funcións comunicativas como a demanda. Tamén son empregadas en situacións de aprendizaxe e en actividades de ocio ou lúdicas.

## Non electrónicos:



Taboleiros temáticos




Murais

## Libro de comunicación:









# Productos electrónicos de baixo coste:




Señalizador de reloxo
+
Conmutador



Xoguete adaptado
+
Conmutador

**Comunicadores:** o alumno/a activa unha ou varias teclas para emitir unha mensaxe de voz dixitalizada














# Voz sintetizada:

- **Tablet android e IOS**: Let me talk, AraBoard, e-Mitza …






- **Portátil ou tablet windows:** The Grid, In-TIC…






Estes dispositivos pódense colocar nun brazo articulado na cadeira de rodas

# CONVENIO DE COOPERACIÓN COA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Facilitarase a colaboración do persoal de ASPACE Coruña cos centros docentes dependentes da devandita consellería que teñan escolarizado alumnado con parálise cerebral.

- Asesoramento en atención educativa ao alumnado con parálise cerebral, ás súas familias e ao profesorado.
- Colaboración na orientación sobre metodoloxías, avaliación e elaboración das ACIs.
- Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requiran.

# EQUIPO DE ASESORAMENTO



- Profesor especialista en Pedagoxía Terapéutica
- Orientador – Psicólogo
- Logopeda
- Terapeuta Ocupacional
- Fisioterapeuta



# DEMANDAS RECIBIDAS



# CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN “YO COMO TÚ”

As persoas con parálise cerebral explican que é a parálise cerebral, falan da súa vida diaria, do que lles gusta facer, dos seus soños… como calquera outra persoa.





- Educación primaria: 9 charlas
- Educación secundaria: 2 charlas
- Universidade: 3 charlas

# COLABORACIÓNS

- Contratos programa
- Centro de Formación e Recursos (CFR)
- Boletín da Consellería



[redacted]




# GRACIAS!

www.aspacecoruna.org